




O Noso Lar

Decembro de 2020 . Número 20



1994-2019

SUMARIO

Decembro de 2020 · Número 20

Editorial

Tempo de pandemia 3

Ano 2016

XXVI Festa de Convivencia cos nosos Maiores 4
Vinte e cinco anos ao servizo da xente da nosa terra: Graciñas ... 5
XXVI Festa de Convivencia cos nosos Maiores 6
Grazas, Señor (Eucaristía Festa Maiores) 7
Vacacións cos maiores en Cáceres e Cádiz 8
Encontros de convivencia cos maiores 10

Ano 2017

Unha festa con vós e para vós. 11
XXVII Festa de Convivencia cos nosos Maiores 12
Vacacións cos maiores en Valencia 14
Encontros de convivencia cos maiores 16

Ano 2018

Os maiores, gardiáns do noso patrimonio cultural. 17
XXVIII Festa de Convivencia cos nosos Maiores 18
Vacacións cos maiores en Andalucía 20
Encontros de convivencia cos maiores 22

Ano 2019

Vinte e cinco anos de Fraternidade Franciscana 23
XXIX Festa de Convivencia cos nosos Maiores 24
As nosas Relixiosas. Sabela Vázquez López 26
Con agarimo. Soraya Armesto Cardenal 27
Fostes, sodes e seredes moi importantes para todos nós.
Lucía Marón Sánchez 28
Momentos inolvidables coas nosas franciscanas.
Ana López López e Susana López Pérez 29
Vinte e cinco anos con nós. Alba María Álvarez Vergara 30
Unha vida enchoupada de gratuidade. Josefa Gómez Requejo .. 31
Vacacións cos maiores en Navarra 32
Encontros de convivencia cos maiores 34
Ación de grazas na eucaristía da Festa dos Maiores 35



Director:

Miguel A. Gómez Vázquez

Consello de redacción:

Josefa Gómez Requejo
Miguel A. Gómez Vázquez
Angela Noguerol Seoane

Asesor Lingüístico:

Manuel Varela Penela

Portada:

Matilde Arrizado

Dep. Legal:

LU-229-01

ISSN: 1579-8909

Maquetación:

La Voz de la Verdad

Imprime:

La Voz de la Verdad - Lugo

Edita:

Fundación O Noso Lar

Dirección:

San Román de Lousada
27620 SAMOS-Lugo

Teléfono:

982 16 71 94

www.onosolar.org

fundacion@onosolar.org

Tempo de pandemia

Fai tempo que non nos poñemos en contacto con vós, pero tede a certeza de que seguimos estando ao voso carón, aínda que nestes intres teñamos que prescindir dos plans previstos a causa da pandemia na que estamos inmersos.

O covid-19 está a alterar moitas facetas da nosa vida, ao mesmo tempo que nos proporciona moito material para cavar. O falecemento de tanta xente que está sucumbindo a causa da enfermidade; a impotencia das familias e amigos por non poder acompañar aos seus enfermos; o traballo incansable dos traballadores da saúde, dos tendeiros..., poderíamos facer unha lista case interminable de colectivos que están en primeira liña para facernos sentir o mellor posible. Agradecemos a todos o seu traballo, incluíndo a tantas persoas que, dende o anonimato, están a prestar servizo aos demais.

Sen dúbida, esta epidemia está a ser unha forte labazada que empezamos a padecer de forma consciente no mes de marzo e que, desgraciadamente, seguirá entre nós ata que dispoñamos dunha vacina que nos protexa. Reflexións sobre isto? Simplificando moito para non extendernos, só facer fincapé nalgunha cuestión xeral, como por exemplo: decatarnos de que a especie humana, aínda que sexa a máis intelixente, non é a raíña do Planeta Terra. Por moitos avances tecnolóxicos dos que dispoñamos, de seguir facendo desaparecer bosques, contaminando a atmosfera e xerando lixo para logo espallalo por onde queira cadaquén, acabaremos nun futuro non lonxano envelenando irreversiblemente o medio natural, facendo que sigan desaparecendo especies animais e vexetais imprescindibles para o equilibrio ecolóxico e, por conseguinte, favorecendo a eclosión de novas enfermidades letais para a humanidade. Sinxelamente, se tiveramos en conta que estas toxinas revirten en nós polos alimentos que inxerimos, ao mellor obrariamos doutra forma. Merece a pena vivir ao tolo pensando que “o que eu faga non se nota”? Recordemos o refrán que di: *un grano no hace granero pero ayuda a su compañero*. O papa Francisco na súa encíclica *Laudato si*, fala con moito tino destas cuestións.

Cando se levantou o estado de alarma sentímonos contentos por recobrar liberdade de movemento, pero pasando o tempo imos vendo que as cousas non van todo o ben que esperabamos. Os entendidos na materia xa contaban con gromos ao alcanzar o estado de “nova normalidade”, pero seguro que non con tantos como os que vemos aflorar. Desgraciadamente, hai persoas ególatras e egoístas que rexeitando as medidas sanitarias eluden o tremendo mal que están a facer: directamente propagando o virus e, indirectamente, axudando a fundir a economía nun verdadeiro caos. Pensemos en moita xente que a día de hoxe está a vivir ao límite das súas posibilidades ou xa na miseria. As largas colas para recoller alimentos gratuítos e o aumento da actividade nos comedores sociais, fala de por si. Non hai máis que botar unha ollada a moitos negocios que están funcionando a medio gas ou, simplemente, tiveron que pechar as súas portas.

Os que vivimos no medio rural temos a sorte de poder andar polas nosas leiras respirando aire puro sen necesidade de utilizar mascarilla, pero os habitantes de núcleos urbáns que estiveron enclaustrados nun piso ou, nos peores casos, amoreados en recintos pequeniños sen case luz natural, pasáronno francamente mal. Non podemos deixar que se repita esta experiencia. Debemos ser solidarios e responsables poñendo cadaquén o seu granciño de area.

A saúde de todos é o primeiro. Para conservala temos a obriga de seguir as pautas sanitarias que xa coñecemos, conscientes de que o seu relaxamento pode levarnos de novo a onde non queremos voltar. O “bicho” segue entre nós, non o tomemos á lixeira. Sabemos que o virus enferma á xente, é letal para moitas persoas e os traballadores dos centros sanitarios xa están exhaustos co que lles tocou vivir. Respectémoslos co noso comportamento, porque é difícil que poidan resistir e atendernos se seguimos dando pasos atrás.

E xa que este ano non celebremos en agosto a **Festa dos Nossos Maiores**, o ano que vén o faremos con máis ilusión que nunca. Xuntos venceremos este mal.

Moito ánimo, a coidarse e a seguir adiante. Xesús nos está a acompañar infundíndonos a forza necesaria para seguir loitando.

Unha agarimosa aperta

XXVI Festa de Convivencia cos nosos Maiores



Vinte e cinco anos ao servizo da xente da nosa terra: Graciñas

(Disertación do presidente da Fundación O Noso Lar na festa dos Maiores)

Parece que foi onte e xa pasaron vinte e cinco anos dende que viu a luz, nestas terras de Samos, unha fermosa creatura á que se lle puxo por nome “Fundación O Noso Lar”. Naceu como compromiso da fe, iluminada pola Boa Nova do Evanxeo, coa misión de dedicarse **ao servizo da xente da nosa terra**.

Parecía unha toleada, propia de xente nova, cando empezamos a organizar no ano 1988 os primeiros campamentos. Dende entón, moitos foron os rapaces e rapazas que gozaron da enriquecedora experiencia de convivir entre amigos. Canta vida e ilusión compartida!

Parecía unha utopía cando no ano 1989 organizamos as primeiras vacacións para os maiores. Ninguén podía pensar que estas persoas das nosas aldeas se arriscaran a disfrutar duns días de lecer fóra das súas vivendas, e non porque non o tiveran merecido. E foron moitos, para sorpresa de todos, os maiores que viviron unhas vacacións entrañables e inolvidables, repletas de alegría e amizade. Que vivencias máis ricas en sabedoría e humanidade!

O soño acariciado fraguou o 25 de agosto de 1991 cando presentabamos na carballeira do Castro de Lourido o proxecto feito realidade: a **Fundación O Noso Lar**.

Non cabía dúbida de que iamos no bo camino, pois no ano 1994 incorporouse ao proxecto da Fundación unha comunidade de relixiosas franciscanas; un feito que sería de gran transcendencia. Con este gran agasallo tomaron forma os valores de servizo, gratuidade e acollida que O Noso Lar quería promover e cultivar, porque están encarnados e testemuñados por estas irmás. Elas son as que fan da Casa de Acollida un verdadeiro fogar; co seu agarimo e respecto lle dan calor e fan que cantos a ela se achegan se sintan como na súa propia casa. Con que tenrura coidaron ás persoas maiores que se albergaron baixo o seu teito! De corazón lles dicimos: **GRACIÑAS**.

E voltando aos preámbulos que materializaron a constitución da Fundación, lembremos a primeira Festa de Convivencia cos Maiores. Canto deu que falar aos de aquí e aos alleos! Con que “sana envexa” nos ollaban xentes de fóra do concello de Samos! O segredo desta sorpresa estaba e está na boa convivencia entre todos, na xenerosa colaboración dos voluntarios e no agarimo testemuñado aos nosos maiores.

E así poderíamos seguir falando dos cursos de monitores, dos entroidos, das galas benéficas, das viaxes culturais, dos encontros cos maiores en Lousada e no Priorato,

do Nadal no Noso Lar... Moitas actividades desenvolvidas nestes vinte e cinco anos e que están recollidas no libro que acaba de presentar maxistralmente o amigo Xulio Xiz.

Podemos decir que o que ao principio parecía unha fantasía, converteuse nunha realidade con futuro promotor. Fomos capaces de crear unha verdadeira comunidade de convivencia, na que cada un aporta o que pode e recibe o que necesita.

Todos somos importantes e necesarios na vida das nosas parroquias. Os maiores coa riqueza das súas vidas, froito da súa experiencia; os máis novos coa forza que brota da xuventude e os adultos facendo de pontes entre as dúas xeracións, acoitando a herdanza dos maiores e formando aos máis novos para afrontar o futuro.

Cada vez nas parroquias rurais quedamos menos, por iso é importante que nos unamos entre nós para non deixar lugar ao illamento, factor desintegrador da propia historia. Quereamos seguir contribuíndo a facer un mundo mellor, coa ollada no futuro sen perder de vista o pasado, única forma de seguir mantendo a nosa identidade. Xa sabemos por experiencia que coa colaboración de todos é posible levar a cabo o que nos propoñamos. Ánimo!

Expresamos tamén o noso agradecemento a entidades e colectivos que xenerosamente colaboran neste proxecto:

- Á Cruz Vermella, os nosos anxos en tódalas festas de convivencia.
- Aos medios de comunicación, altavoces do proxecto da Fundación en tódolos recunchos da nosa provincia e de Galicia en xeral: Á Radio e Televisión de Galicia, Radio Voz, Cadena Cope. Dunha forma especial aos xornais *La Voz de Galicia* e *El Progreso*.
- Aos voluntarios e colaboradores da Fundación, sen eles non sería posible chegar ata aquí. Unha mención especial **aos de sempre ... si, aos que sempre estiveron e están aí para axudar, para animar... con humor e dedicación**.
- Á Diocese de Lugo, porque apoiou en todo momento o proxecto de O Noso Lar a través dos bispos Frei Xosé Gómez González e D. Alfonso Carrasco Rouco, cedéndonos o uso da reitoral de San Román de Lousada e do priorato de Lóuzara.
- A todos, **MOITAS GRAZAS**.



XXVI Festa de Convivencia cos nosos Maiores





Grazas, Señor

(Eucaristía Festa Maiores)

Señor:

Hai vinte e cinco anos que acendiches no noso corazón unha luz que nos iluminou e impulsou a crear a Fundación O Noso Lar.

A nosa humilde fe e a Boa Nova do Evanxeo, son os alicerces desta creatura que naceu con vocación de estar **ao servizo da xente da nosa terra**.

Son moitas as mediacións polas que Ti fixeches posible que este proxecto se convertise nunha fermosa realidade. Neste sinalado aniversario queremos darche as grazas dunha forma especial.

Si, grazas en primeiro lugar, Señor, polas persoas maiores, mestres de humanidade no noso camiño que nos enriquecen coa súa presenza, e polos moitos que xa partiron para a túa Casa.

Grazas tamén, Señor, polos voluntarios e colaboradores que, ano tras ano, coa súa xenerosa entrega e alegría, fan desta festa un acontecemento gozoso, cheo de tenrura cara aos nosos maiores.

Por todos estes sinais que nos falan da túa amorosa presenza neste fermoso terruño e nos nosos corazóns, e por estes vinte e cinco anos da Fundación O Noso Lar, **Grazas, Señor!**



Vacacións cos maiores en Cáceres e Cádiz

A primeira visita da nosa viaxe vacacional foi o *Valle del Jerte*, coñecido tamén como *el valle de los cerezos* polo máis dun millón de cerdeiras que cubren as ladeiras das montañas. A súa branca floración primaveral é todo un espectáculo de beleza natural que atrae a milleiros de visitantes. As súas cereixas son coñecidas en todos os recunchos da nosa xeografía e o principal recurso económico da zona.

Seguindo o noso percorrido chegamos axiña a Plasencia, a *Perla del Jerte* por estar bañada por este río. O seu casco histórico encóntrase parcialmente cercado por una dobre muralla que conserva restos dos séculos XII e XIII. Na *Plaza Mayor* encóntrase a Casa Consistorial, un edificio gótico-renacentista (s. XVI) coa torre do reloxo e o popular *Abuelo Mayorga*, que marca o paso do tempo cos seus golpes sobre a campá. Dúas son as catedrais desta histórica cidade. Na catedral vella conviven o estilo tardorrománico e gótico (s. XIII-XIV); a nova comezouse a construír a principios do s. XVI integrando parte da vella, pero este proxecto non se rematou e deu por resultado un singular conxunto catedralicio digno de ser visitado.

Chegada a noite hospedámonos no hotel Alfonso IX en Cáceres. Unha cidade cun fermosísimo casco histórico medieval-renacentista dos máis completos do mundo, declarado Patrimonio da Humanidade no ano 1986. Comezamos a nosa visita na *Plaza Mayor*, rodeada en parte por unha muralla e presidida pola *Torre del*

Bujaco. Entramos no recinto monumental polo *Arco de la Estrella*. Paseamos polas súas estreitas rúas e prazas, contemplando as innumerables torres e pazos, como a *casa de los Golfines de Abajo* (s. XV-XVI), que foi unha das residencias dos Reis Católicos; igrexas como a concatedral de *Santa María la Mayor* (s. XII-XVI); e na *Casa de las Veletas* podemos ver un *aljibe* da primeira época musulmana (s. IX).

Outra parada obrigada foi Mérida, unha das cidades máis brillantes do Imperio Romano e na actualidade a capital de Extremadura. O conxunto monumental máis destacado e que atrae a moreas de turistas é o Teatro Romano, que evoca o esplendor desta cidade nesa época e mantivo o seu uso ata o século IV. Restaurado a principio do s. XX volveu a recuperar, en parte, a súa función orixinal ao converterse en marco dos Festivais de Teatro Clásico que se celebran no vrao.

Neste intenso periplo por Extremadura, achegámonos ata Guadalupe para contemplar o impresionante conxunto do seu mosteiro, Patrimonio da Humanidade. Foi, por influencia dos conquistadores, o foco relixioso de maior influencia da Hispanidade. Sorprendeunos o seu claustro mudéjar (s. XIV-XV), o *Museo del Bordado* no que se mostran os traballos do taller monacal, o curioso e interesante *Museo de Libros Miniados* e os lenzos que Zurbarán realizou a partir de 1638 sobre temas alusivos á vida de monxes ilustres.



Parque Genovés-Cádiz

Rematamos a nosa andaina por estas terras paseando por Trujillo, “berce de conquistadores” polos moitos nativos que encabezaron tropas na conquista e creación do novo imperio hispánico de ultramar.

Outra parte das nosas vacacións pasámolas en terras gaditanas. Establecemos o noso cuartel xeral en El Puerto de Santa María, unha bonita cidade situada na desembocadura do río Guadalete. Os seus principais atractivos, ademais das magníficas praias, encontrámoslos no casco histórico co seu Castillo, a praza de touros e outros monumentos, así como as súas importantes adegas. Desde aquí cruzamos a ponte sobre a baía e chegamos a Cádiz, unha luminosa cidade acariciada polo Océano Atlántico e coñecida como *la tacita de plata*. Considerada a cidade máis antiga de occidente (1100 a. C.), foi fundada polos fenicios e despois colonizada por cartaxineses, romanos, visigodos e musulmáns, aínda que na súa gran parte foi deseñada arquitectónicamente no século XVIII. O seu casco antigo está cercado desde a Época Medieval por unha muralla, da que se conserva, aínda que restaurada, la *Puerta de Tierra*, pola que se entra no casco histórico. Pasear polas súas rúas e prazas é unha gozada. Sobresae a Plaza de San Juan de Dios como unha das máis importantes e concurri-

das polos visitantes. A catedral nova é o monumento relixioso máis relevante. Despois do descubrimento de América e co inicio do comercio coas colonias do outro lado do Atlántico, a catedral vella quedou pequena polo rápido crecemento da poboación e ao abondar os recursos económicos, acordaron a construción dunha catedral nova, que foi consagrada no ano 1838. A mármore branca co que está construído todo o interior, contribúe a darlle solidez e grandiosidade.

Un gaditano ilustre foi Manuel de Falla, autor do *Amor brujo*, unha das obras máis importantes da música clásica española.

O último lugar deste noso percorrido vacacional foi Jerez de la Frontera, a cidade con máis habitantes da provincia de Cádiz. Aquí, ademais de contemplar o seu alcázar, a catedral, a *Basílica de la Merced* e as súas prazas, saboreamos os seus exquisitos viños e, por suposto, gozamos presenciando o famoso espectáculo *Así bailan los caballos andaluces*, na Real Escuela de Arte Ecuestre.

Isto foi o que visitamos, quedan por contar as estupendas vivencias interpersoais, pero iso xa o fará cada quen...



Arco de la Estrella-Cáceres



Hotel Puerto Bahía- Puerto Santa María



Mosteiro de Guadalupe-Cáceres



Catedral de Cádiz

Encontros de convivencia cos maiores



Lousada - Xaneiro



Lousada - Xaneiro



Lousada - Febreiro



Priorato - Abril



Priorato - Outubro



Lousada - Novembro



Priorato - Decembro



Nadal no Priorato

Unha festa con vós e para vós



Con vós e para vós queremos facer festa rachada. Vós sodes a orixe e o destino desta xuntanza de convivencia. Sodes os protagonistas: **os nosos maiores.**

En vós están as nosas raíces e de vós recibimos moito do que somos e do que temos. Os vosos moitos anos de vida convértenvos en fonte de sabedoría e queremos celebralo, porque a vosa capacidade de sacrificio e de entrega son o sólido cemento das nosas familias.

A sinxeleza das vosas vidas, así como o voso saber escoitar, fainos sentir ben ao voso carón. O voso hu-

mor e o voso sorriso transmiten paz e esperanza, por iso vos estamos agradecidos. Coa vosa fe e confianza en Deus, legádesnos unha rica experiencia de vida cristiá, que nos fai xuntar arredor da Mesa da Eucaristía para celebrar a Festa e loar ao noso Deus con todos vós e por vós.

E se nos xuntamos aquí é para amosarvos, públicamente, o noso recoñecemento. Non nos falta ilusión nin escatimamos esforzos para preparar esta festa, na que nos sentimos ledos e gozosos da vosa compañía. Con ela e nela estamos a dicirvos que vos queremos moito e que vos seguimos necesitando.

XXVII Festa de Convivencia cos nosos Maiores





Vacacións cos maiores en Valencia

O lugar elixido este ano para pasar as vacacións dos maiores foi Valencia. Establecimos a nosa base no Hotel Principal de Gandía, para desprazarnos desde alí a algúns dos lugares máis emblemáticos da provincia.

Valencia, capital do Turia, é unha cidade moderna, cosmopolita e dinámica; cun casco histórico extenso e variado. Empezamos a nosa visita no porto comercial, o principal de España na súa categoría. Desde aquí desprazámonos en autocar ata o centro para comezar a nosa andaina na *Plaza de la Almoina* e contemplar as maquetas que explican o xacemento arqueolóxico que nos fala das orixes romanas da cidade. Pasamos logo á *Plaza de la Virgen*, na que se atopan os edificios relixiosos máis representativos: a catedral, mestura de estilos artísticos (románico, gótico, renacentista, barroco e neoclásico) e a basílica de *Nuestra Señora de los Desamparados*, patrona da cidade. Sobresae, como símbolo característico da cidade *El Miguelete*, torre gótica do campanario da catedral.

No noso percorrido polas tres prazas nucleares chegamos á *Plaza de la Reina*, homaxe que a cidade rendeulle a Dona María de la Mercedes, esposa de Alfonso XII con motivo da súa voda. Está rodeada de fachadas decimonónicas que poñen de manifesto o poderío económico da burguesía valenciana. Tamén se asoman a esta praza as torres das igrexas de *San Martín* e de *Santa Catalina*, unha das máis fermosas do barroco español.

Pola súa beleza e significado histórico, non podía faltar no noso itinerario a visita á *Lonja de los Mercaderes*, Patrimonio da Humanidade por ser un brillante exemplo do gótico civil europeo. Tamén se coñece como a *Lonja de la Seda*, por ser o produto que se comercializou nela durante moito tempo. Desde aquí pasamos

ó Mercado Central, un solemne edificio que pola súa harmonía arquitectónica e a riqueza decorativa, convérteno no mercado modernista máis fermoso de Europa e tamén un dos máis extensos.

Enriquecimos a nosa cultura na *Ciudad de las Artes y de las Ciencias*, dunha forma especial no seu impresionante Oceanográfico, onde está o maior acuario de Europa.

A Albufera foi outra parada obrigada no noso percorrido. Contemplamos sorprendidos a beleza dese parque natural cos seus extensos arrozais e rematamos a nosa visita xantando a típica paella que despois dixerimos paseando pola cidade de Cullera.

En Gandía paseamos polas súas extensas praias e visitamos o seu casco histórico, onde se atopan a *Colegiata de Santa María* e a *Plaza de las Escuelas Pías*, na que se encontra o colexio de San Sebastián fundado no 1546 e sé da primeira Universidade da Compañía de Xesús. Tamén visitamos o *Palacio Ducal*, que desde o século XIV foi a residencia dos duques reais da *Corona de Aragón* e, a partir de 1485, da familia Borja. Nela naceu San Francisco de Borja.

E, como sempre, tivemos un final feliz de volta á casa.



Casco histórico - Valencia




El Miguelete - Valencia



Casco histórico - Valencia



La Lonja - Valencia



Mercado - Valencia



Palacio Ducal - Gandía



Oceanográfico - Valencia

Encontros de convivencia cos maiores



Lousada - Xaneiro



Priorato - Xaneiro



Lousada - Febreiro



Priorato - Febreiro



Priorato - Marzo



Lousada - Novembro



Lousada - Novembro



Lousada - Novembro

Os maiores, gardiáns do noso patrimonio cultural

O Parlamento Europeo e o Consello da Unión Europea declararon o ano 2018 como Ano Europeo do Patrimonio Cultural. A súa finalidade era sensibilizar e deixar patente aos países que a compoñen, dos seus valores comúns e a súa historia.

A Fundación O Noso Lar consciente da riqueza da historia dos nosos pobos e ao amparo da proclamación dos organismos europeos, decidiu como lema da Festa deste ano: **Os maiores, gardiáns do noso patrimonio cultural**. Pareceunos axeitado porque calquera que se achegue ás nosas aldeas e parroquias con afán de aprender e coa sensibilidade de apreciar a beleza, poderá descubrir os moitos bens e manifestacións culturais que albergan.


As carballeiras, os souts coa súa ligazón aos magostos, os regatos, fontes, lavadoiros, camiños..., un enxebre e fermoso patrimonio natural. Acaso non teñen moito que ver coa súa conservación e transmisión os maiores?

As matanzas, as mallas, os entroidos, as festas..., moitas tradicións cheas de solidariedade, ledicia e humor. Se todo iso chegou ata nós, foi porque os nosos maiores nos transmitiron as tradicións que eles, a súa vez, herdaron dos seus devanceiros.

As igrexas, como sinais de identidade das nosas parroquias, foron o depósito das tradicións relixiosas que impregnaron a nosa cultura de valores humanos e cristiáns. Debemos dar as grazas aos maiores por ser eles os que o acolleron, o gardaron e nolo transmitiron.

E a lingua, quen nos ensinou a comunicarnos coa nosa fala? Non foron os maiores os que mellor nola insinaron?

Todos nos sentimos orgullosos da historia dos nosos pobos. Recoñecemos agradecidos o labor de gardiáns que os nosos maiores realizaron en todo este proceso, que esperamos supoña un alentador compromiso para os que a día de hoxe nos toca actuar. Ao mesmo tempo, a xente nova deberá ir tomando consciencia da súa responsabilidade para estar dispostos, no seu momento, a recoller o testemuño legado e seguir aumentando este patrimonio.



XXVIII Festa de Convivencia cos nosos Maiores





Vacacións cos maiores en Andalucía

Partimos de Samos o día 20 de abril para pasar a noite en Jaén, paraíso renacentista e olivareiro. Jaén é unha cidade con rico patrimonio artístico, do que sobresaí, pola súa visibilidade ao ubicarse nun outeiro, o *Castillo de Santa Catalina*, unha fortaleza medieval de orixe árabe reconstruída no século XIII.

Paseando polas rúas do casco antigo, chegamos á *Plaza de Santa María* onde se atopa a catedral, concebida no s. XVI e edificada durante varios séculos. Destacan nela, pola súa importancia, a *Sala Capitular* co fermoso e famoso retábulo de Pedro Machuca e a sacristía, obra cume de Andrés Valdelvira e do renacemento español. Sobresaí tamén, polo seu interese, a fachada principal barroca e o coro neoclásico. Na *Capilla Mayor* está gardada a reliquia do Santo Rostro.

No barrio da Magdalena, antigo recinto musulmán, encontramos os Baños Árabes (s. XI), un dos monumentos máis emblemáticos da cidade. Foron utilizados ata o século XV e máis tarde usáronse como cárcere e hospital.

A segunda etapa do noso itinerario foi Málaga, importante centro turístico da Costa do Sol. Unha cidade moderna cun importante casco histórico e berce de Pablo Picasso.

Visitamos a súa catedral, un dos meirandes e máis significativos edificios do renacemento andaluz. Comezouse a construír no ano 1528 a partir dun proxecto de Diego de Siloé e concluíronno oficialmente en 1783. En realidade non está rematada, xa que lle falta unha das torres da fachada principal e por iso os malagueños a chaman *la Manquita*.

Tamén gozamos na visita á Alcazaba, da época musulmana. Unha gran edificación con fermosas estancias e xardíns, propia dese esplendoroso período histórico da cidade.

Houbo quen aproveitou o paseo para fotografiarse sobre a longa alfombra vermella na céntrica *calle Larios* que, repleta de carteis de Antonio Banderas, estaba disposta para o paso dos famosos na celebración do *Festival de Cine*.

E como os ánimos non decaían e vitalidade non faltaba, fomos coñecer a vila de *Frigiliana*. Son moitos os que a consideran como o conxunto popular de orixe árabe máis puro de Andalucía, e con motivo está incluído dentro dos pobos máis fermosos de España.

Algúns visitárona andando polas súas empinadas rúas e outros axudáronse viaxando no trén chuí-chuí.

En Nerja achegámonos ao *Balcón de Europa* e, por suposto, visitamos a súa *Cueva*, considerada como a catedral natural da Costa do Sol pola súa formación pétreas e os restos de pintura rupestre e arqueolóxicos que conserva.

Marbella e *Mijas* foron os últimos lugares turísticos ós que nos achegamos para facer o típico turisteo dos veraneantes.

A terceira e última parada do noso periplo foi Granada. Só tiñamos día e medio para recrearnos co encanto desa fermosa cidade. Visitamos a catedral, un complexo e grandioso conxunto arquitectónico formado por edificios de distintas épocas. Empezouse a construír no 1523 en estilo gótico e rematouse no 1703 coa fachada renacentista. O seu interior sorprende pola súa grandiosidade e proporcións. Resaltamos dun xeito especial a *Capilla Mayor*, unha espléndida creación de Diego de Siloé.

A continuación visitamos a *Capilla Real*, construída por vontade da raíña Isabel a Católica e onde repousan os seus restos e os do rei Fernando.

Nas inmediacións da catedral está o barrio da Alcaicería, típico da época musulmana como se aprecia polas súas estreitas rúas. Na actualidade hai todo un enxame de tendas de artesanía típica que aproveitamos moi ben.

Despois de facer as pertinentes compras, paseamos por outras rúas e prazas ata achegarnos á *Basílica de Nuestra Señora de las Angustias*, patrona da cidade, e para rematar a xornada achegámonos ao barrio de máis autenticidade musulmana: *El Albaicín*. Situado nun outeiro, arriscámonos a patear as súas estreitas e empinadas rúas disfrutando por un fermoso labirinto repleto de típicas portas, torres... Desde a súa cima divisamos unha espléndida panorámica de *La Alhambra*, que por desgraza non puidemos visitar por resultar imposible o seu acceso. Outra vez será.

E rematadas as vacacións, voltamos ao noso punto de partida sen novidade e, como sempre, moi alegres e contentos.



Catedral de Jaén



Alcazaba de Málaga



Catedral de Málaga



Albaicín. Ao fondo a Alhambra (Granada)



Catedral de Granada



Nerja. Balcón de Europa

Encontros de convivencia cos maiores



León - San Isidoro



Priorato - Novembro



Lousada - Novembro



Nadal no Noso Lar



Nadal no Priorato

Vinte e cinco anos de Fraternidade Franciscana

Foi en febreiro de 1994 cando recibimos en Lousada (Samos) a unha comunidade de relixiosas Franciscanas Misioneiras da Nai do Divino Pastor. A vivenda que lle proporcionou a Fundación O Noso Lar, promotora desta iniciativa, ocupárona as irmás: Adela, Inés, Saladina e, anos máis tarde, Josefa; catro valentes e xenerosas mulleres que pronto a converteron en calorosa Casa de Acolida e fogar de múltiples e variados Encontros de Fraternidade. Elas aceptaron deixar a súa traxectoria que estaban a desenvolver na cidade, coa comodidade que isto representa, para compartir a fe e a vida cotiá coas xentes da nosa contorna. Non cabe dúbida de que esta sinxeleza e humildade estanos a falar dunha opción persoal que nos debería facer reflexionar. Hai que ter presente que en todo o que as irmás levan feito por nós, non houbo ningún interese crematístico de por medio: viñeron de balde. Esta gratuidade no servizo aos demais, que procede da opción polo Evanxeo como Boa Nova, é a luz que as iluminou para achegarse a esta realidade rural.

Na nosa sociedade todos buscamos e, moitas veces esiximos, respostas inmediatas ás innumerables situacións de desamparo ou inxustiza que sufrimos persoalmente ou palpamos ao noso arredor. Por unha banda, sabemos que non sempre podemos dar solucións; pero por outra, cústanos implicarnos directamente, se cadra, na procura de dar saídas. Que fácil é facer un discurso crítico ás institucións, aos políticos, a sociedade..., pero... quedámonos nisto e..., nada máis?

Algo semellante pasa a nivel da Igrexa. A maior parte de nós procedemos de familias cristiás, levamos unha vida social máis ou menos impregnada en valores do humanismo cristián, acudimos a celebracións relixiosas tal como nos ensinaron os nosos maiores e as aceptamos, en moitos casos, como unha realidade que non estorba e seguimos mantendo por seguir a tradición. Profundemos un pouco: son as cousas que se ven, como os costumes en xeral ou o patrimonio persoal, artístico..., o que pode pasar de xeración en xeración; pero a fe, como algo íntimo de cada persoa, se ben a herdamos ao nacer polas crenzas das nosas familias, unha vez que pasamos da infancia deixa de ser tal herdanza para se converter en algo escollido, persoal e íntimo. A fe en Deus reside no interior de todos os que están en disposición de acollela e deixan sentir a forza da súa compañía nas alegrías e nas adversidades, o que se traduce en adquirir a capacidade de apreciar como vivencias extraordinarias o común que nos rodea.

Xesús deixounolo claro: declararnos os seus seguidores, significa vivir e compartir o Evanxeo actuando en consecuencia nas distintas facetas da vida, sen o engano de elixir outras respostas segundo a propia conveniencia.

Aqueles rosarios que rezaban con fe, en familia, os nosos maiores, na cociña da casa ao final da xornada, seguro que lles servía de purga dos avatares acontecidos e lles daba forza para afrontar o traballo do día seguinte. Grazas a Deus, a nosa calidade de vida é moi superior á dos nosos devanceiros, pero tamén é certo que, como sinalan moitos estudos sociolóxicos, nunca se necesitaron tantos tratamentos psiquiátricos e psicolóxicos como a día de hoxe. Mágoa que inmersos nunha sociedade tan ma-

terialista como a que temos, moitas persoas non dean cabida á reflexión para deixar sentir a forza do Espírito.

En calquera caso, cando non esteamos conformes coas solucións que se nos ofrecen porque non cumpren coas nosas necesidades, é responsabilidade nosa o tratar de actualizar as tradicións herdadas e non vivir artificialmente dependendo delas. Alguén con moito acerto, dixo... “na vida hai algo peor que o fracaso: o non tentar nada”.

A Congregación das irmás franciscanas, consciente da situación de abandono e soidade na que viven moitas persoas das nosas aldeas, e das desigualdades da xente do rural con respecto ás dos núcleos urbáns, non se acercou a nós para ofrecernos fermosas teorías, senón para compartir as nosas angurias e as nosas esperanzas, as nosas alegrías e as nosas penas. As irmás da Comunidade non funcionan como “sabias do Evanxeo” nin como “expertas ou elixidas do amor de Deus”, senón como persoas normais que están abertas ao Espírito de Xesús e son conscientes de que a través delas, Deus pode achegarse a cada persoa. Non cabe dúbida de que a súa presenza na nosa terra é un agasallo de Deus e, pola súa parte, unha aposta radical a favor do mundo rural e dos valores que o encarnan.

A misión de Xesús no seu paso entre nós, foi a de congregarnos arredor da súa mesa e descubrimos o inmenso Amor de Deus. Para os que nos declaramos cristiáns, é o noso deber seguir a súa doutrina: *deivos así un exemplo, para que, como eu fixen convosco, así fagades tamén vós* (Xn 13, 15).

Na comunidade das nosas relixiosas descubrimos a Boa Nova do Evanxeo, capaz de iluminar o noso camiño e facer frutuoso o noso amor. Pensemos na asistencia que lle proporcionaron a María Carballo Santín, de Santalla de Lóuzara, a primeira persoa que atenderon na Casa de Acolida; ou en Victorino, de San Xoán; María do Cuarto, de Zóo, Pepe de Arroxo... Todos eles recibiron agarimosos coidados maternais e un trato en extremo delicado. Cantos enfermos sentíronse acompañados polas visitas de Sor Inés no hospital de Lugo! Tamén poden dar testemuña da súa acolida, innumerables nenos e mozos; elas, atentas a todos e a todo, fixeron sempre de fío condutor para estimular e fomentar a solidariedade, a amizade e a **fraternidade**.

A razón de todos estes xestos de respecto, acolida, acompañamento e axuda, non está nun voluntarismo pueril ou facilón. A raíz de toda esta actuación reside en seguir o exemplo de Xesús, conscientes de que El sempre nos acompaña e, como fillos de Deus, todos temos a dignidade de ser irmáns. Promover a **fraternidade** é a clave da presenza das franciscanas, que saben que como humanas que son, teñen as súas limitacións e fallos.

As persoas desta contorna somos destinatarias privilegiadas e damos testemuña da entrega das nosas irmás franciscanas; da súa xenerosidade, gratuidade e de todo o seu bo facer. Loamos a Deus por elas e polos froitos que compartiron connosco nestes vinte e cinco anos.

Á Congregación e á nosa querida Comunidade de irmás Franciscanas de Lousada,

GRACIÑAS.

XXIX Festa de Convivencia cos nosos Maiores





As nosas Relixiosas

Cando aínda non acumulaba demasiados recordos e non sabía nada da vida, apareceron elas. Foron enchendo os meus baleiros e acariciando a miña xuventude.

Formáronme coas súas humildes palabras, coas súas miradas sinceras. Protexéronme do medo.

Déronnos veráns inesquecibles en cada campamento, que marcaron a nosa infancia, experiencias que só elas poden facer, coidando de cada un de nós como se dos seus propios fillos se tratase. Ensináronnos a compartir.

Entregáronse ante un pobo descoñecido, cheo de incertezas, sen coñecer a súa xente e costumes. E nunca temeron achegarse a todos con humildade e alegría.

A vida das nosas relixiosas e a súa obra é unha presenza necesaria no noso entorno, realizan un traballo único nas nosas aldeas, en cada fogar e familia, dándolle a cada corazón o ritmo neces-

rio. Son un pegamento de unión. Elas unen e constrúen vidas.

Axudan a organizar entroidos increíbles, excursións cheas de quilómetros de felicidade, festas para os nosos maiores, xuntando a sabedoría e picardía coa inocencia dos máis pequenos.

Son mulleres alegres, sinxelas e humildes, que dan exemplo e saben o que buscan, imparables e invencibles. Sementan paz en cada un dos seus pasos. Sempre con esas palabras que chegan ata os ósos, que acaricia cada ferida da túa pel e cunha mirada próxima, sincera e agarimosa. Sempre andan cos seus brazos abertos. Son mulleres de verdade, que nos calman. Son o latexo das nosas vidas.

Fixeron e fan todo aquilo que une, que alegra e fai medrar o pobo e a súa xente. Elas son a presenza do ben: Saladina, Inés, Josefa e Adela.

Sabela Vázquez López



Con agarimo

Cando penso nas irmás de Lousada, véñen-seme á mente moitas lembranzas dos meus primeiros anos aquí en Samos. Acababa de chegar deixando atrás a miña familia, os meus amigos, o meu traballo... iniciando un camiño de madurez elixido voluntariamente. Unha nova vida chea de promesas de futuro e aínda así tiña a necesidade de facer algo máis.

Cando me propuxeron ir a Lousada a primeira vez para axudar cos preparativos da festa dos maiores, aceptei sen dúbida, porque podía facer algo por min mesma e corresponder dalgunha maneira co cariño que as xentes de Samos me brindaran desde que cheguei.

En Lousada encontrei a tres mulleres cariñosas, humildes, sempre pendentes de todo e de todos e cunha capacidade de acollida e comprensión que me sorprende.

Saladina, Josefa e Inés presentáronse ante min como se de tres nais amorosas se tratase, facéndome sentir na casa, acolléndome con moitísimo agarimo e cunha actitude de honestidade e respecto ante a vida, digna de admiración. Lémbrome das tardes facendo agasallos para a festa, pintando carteis ou pancartas, dos cafés a media tarde acompañados sempre dalgún doce feito por elas. Nunca lles oín unha queixa por aparecer a calquera hora para facer unha visita, sempre había un: "Toma un café", "Queda a cear", "Como vai a familia?". Puiden ver con que agarimo trataban aos maiores aloxados na casa, por enfermidade ou por non ter familia, a axuda que brindaban aos veciños sempre que fixese falla, eses encontros de maiores cada mes



en Lousada ou en Louzara, botando a partida, preparando o xantar ou simplemente mantendo unha boa conversa cos nosos avós, moitas veces moi sós.

Sempre palabras de consolo, de ánimo, de ledicia, sempre con vocación de servizo aos demais. Podería contar miles de anécdotas como as que todos lembramos cada vez que pensamos nelas, nos entroidos, nas viaxes dos maiores, nos campamentos dos pequenos, nos cursos de monitores, nas festas dos maiores, nas que elas o daban todo cunha ilusión desbordante...

Nestes días incertos, boto a vista atrás e escápaseme un sorriso ao lembrar todos eses momentos. Por iso, esta pequena homenaxe vai para elas, para todas as irmáns que pasaron por Lousada pero especialmente para as miñas queridas Josefa, Saladina e Inés, mulleres dignas de admiración que exercen a súa vocación de entrega aos demais con total dedicación.

Grazas pola vosa vocación, pola vosa entrega e polo voso agarimo, sempre.

Soraya Armesto Cardenal



Fostes, sodes e seredes moi importantes para todos nós



Coa vosa chegada a estas terras chegou tamén un aire novo. É difícil de describilo pero o certo é que despois de vinte e cinco anos sentimos que esta comunidade non sería a mesma sen a vosa presenza. Fóstedes pioneiras en moitos servizos en favor da nosa xente.

Coidastes a moitos maiores que non tiñan familia ou non os podían coidar —daquela aínda non existían moitas das residencias que hai agora, como a de Samos—. Recordo a moitos deles na Casa de Acollida porque miña avoa ía contar uns contos con eles, e moitas veces levábame a min con ela. Con algúns xogaba ás cartas. Non me podo esquecer de que tamén lles axudabades aos que vivían nas súas casas, sería o que hoxe lle chaman axuda a domicilio. Que sorte tiveron os maiores desta contorna!

Non me equivoco se digo que moitos dos rapaces do concello, aprenderon a nadar ou viron o mar por primeira vez grazas aos campamentos de verán. Quen non recorda o espertador -culler contra cazo,

ou radio a todo volume-, os talleres que faciamos, a merenda na praia, o amigo invisible...

Os nenos de hoxe, por sorte, seguro que teñen todo máis fácil, porque orgánzanse un montón de campamentos e de actividades para o verán, pero fai vinte e cinco anos era a única actividade que tiñamos no noso concello. Todos estabamos esperando ao mes de xullo para ir, recordo eu, ao campamento e gozar das praias de Cangas, Bueu e de todas as actividades que se organizaban.

Outra das actividades que non deixan indiferente a ninguén é a festa dos maiores. Unha festa entrañable de convivencia, de solidariedade e de unidade. A colaboración de todos fai posible que sexa unha festa gozosa para os nosos maiores.

Fostes, sodes e seredes moi importantes para todos nós.

MOITAS GRAZAS.

Lucía Marón Sánchez

Momentos inolvidables coas nosas franciscanas

A pesar de tanto tempo xa por estas terras, vénsenos á mente o sorriso permanente na súas facianas e a preocupación e dedicación constante aos veciños de todas estas parroquias. Co café quente, sempre disposto cada vez que nos achegabamos a Lousada, unha acollida que te invitaba a compartir as ledicias e os problemas. Sempre había palabras de ánimo.

Dende nenas recordamos os campamentos, o cariño co que nos coidaban, como se fosen nosas nais, (peiteándonos, xogando, dándonos de comer, durmíndonos noites enteiras nas tendas de campaña, vixiando os nosos pesadelos...). Son lembranzas cheas de ledicia e nostalxia, desa época de nenez feliz.

Os carnavais, os talleres de preparación para a festa dos maiores, os cursos de monitores..., son actividades que nos traen moitos recordos. Foron momentos bonitos nos que compartiamos inquedanzas e ilusións. E como todos eramos xente nova, a desorde e ás veces a pouca formalidade, aparecían con frecuencia nestas convivencias. Pero curiosamente, alí estaban as franciscanas para subsanar as nosas carencias, para limar asperezas e animar. Procuraban, con mestría, que o obxectivo da actividade se comprise e que todos o pasáramos ben. É de agradecer que como boas anfitriñas sempre nos transmitiron paz e confianza. Por esta razón íamos con gusto a Lousada.

Destacamos tamén os encontros cos maiores. Que ben o pasaban! Na casa das monxas sentíanse seguros, non lles doía nada e por iso gozaban coma nenos. O respecto e a tenrura co que as irmás os trataban, facíalles sentirse queridos e recoñecidos.

E como non, Nadal diferente!!, onde nos xuntabamos uns cantos rapaces con elas para cantar os reis polos pobos, divertíndonos, coñecendo a xente das aldeas próximas. Para nós toda unha novidade e ademais voltábamos para a casa cargados de melindres nos petos, barrigas cheas de lambetadas, e satisfeitos

do ben que o pasáramos entre nós e de ver sorrir a xente desas casas.

Non esqueceremos nunca a disposición destas irmás franciscanas nos momentos difíciles das nosas vidas. Cando alguén próximo das nosas familias faltaba, sempre buscaban un momento para facernos unha visita, ofrecernos compañía e amizade que aliviaba o sufrimento polo trance vivido. E tamén nos momentos felices. Cando nacía unha criatura na familia, eran das primeiras visitas que viñan para coñecela e darlle a benvida.

Sentímonos orgullosas de ter a sorte de que as franciscanas de Lousada se cruzasen nas nosas vidas, transmitíndonos cousas positivas nos nosos corazóns, axudándonos a medrar en valores. Ogallá poídamos, por moitos anos, seguir contando coa súa presenza nestas terras e poder así seguir compartindo con elas moitos momentos felices.

Querémosvos moito, sodes coma da nosa propia familia, nunca vos cansedes deste labor tan importante para nós, que tanto nos enche o corazón.

Grazas por agasallarnos con tantos momentos preto de nós

Ana López López e Susana López Pérez



Vinte e cinco anos con nós

A medida que pasan os anos doume conta, cada vez máis, do gran valor que ten a xente con bo corazón, as persoas que escoitan, as persoas que se poñen no lugar do outro, as persoas que te entenden e que teñen un sorriso cara os de enfrente, as persoas que non te cuestionan polo que es ou polo que pensas, as persoas que a pesar do tempo seguen estando aí para o que necesites.

Fai xa uns cantos anos, se mal non lembro corría o ano 1998, lin o anuncio dun curso de monitores de actividades de tempo libre en San Román de Lousada. Nun primeiro intre dubidei entre facelo ou non, pero decidínme a ir pasar unhas cantas fins de semana a Lousada e alí coñecín aos meus compañeiros/as de curso, aos que lembro con gran cariño. Tamén coñecín a comunidade de irmás Franciscanas que alí estaban para recibírnos co gran sorriso que sempre as caracterizou.

Sempre pendentes de nós, que non pasamos frío, que non pasamos fame, preparándonos o café con galletas a media mañá e a media tarde, sempre atentas para que estiveramos a gusto.

Alí descubrín o gran labor que facían e seguen a facer, non só con nós, senón tamén con todas as persoas que compoñen as parroquias do noso concello, principalmente coa xente maior e que tanto o necesita.

Un saúdo, un interesarse por cómo estás, escoitar, ter alguén a quen recorrer se o necesitas, compartir un xantar, unha viaxe, un sorriso... Algo que parece tan obvio e que é tan necesario...

Grazas polo voso labor e principalmente por ser como sodes.

Alba María Álvarez Vergara



Unha vida enchoupada de gratuidade

Cara onde encamiña-los teus pasos?
Para ti, lugar de tebras mouras.
Deixas estes meniños chorando,
estes doentes laiando,
o niño quente da túa laboura.

Seguirás atopando doentes,
soños, esquecidos,
mozos, a forza que vence;
faite amiga dos pequeniños.

Na realidade persoal ou grupal, cando alguén toma un rumbo, non acostumado, ten que oír distintas opinións, feitas, de seguro, coa mellor intención. Os versos que inician este escrito, tentan reflectilo.

Ser franciscano/a, é ser itinerante, peregrino, buscador... Pero, por riba de todo, é ser irmán/á, e irmán universal. Cando nós chegamos a estas terras, Inés, Saladina e Adela, non só non atopamos tebras mouras, senón que, dun xeito especial, brillaba o sol polo día e a lúa e as estrelas pola noite, a mesma luz que sempre nos alumou, a mesma luz á que cantou Francisco de Asís.

O noso agradecemento será eterno ás persoas que nos acolleron: A Fundación O NOSO LAR, na persoa do seu Presidente, Miguel Gómez Vázquez e ós voluntarios, que por aquí merodeaban, ós veciños e na medida en que íamos tendo relación, á xente das parroquias, ás persoas enfermas que daquela atendíamos nas súas casas, así coma ós seus familiares e ós maiores, que precisaron da atención nesta CASA de ACOLLIDA. Nós acollémolos e tratámoslos o mellor que soubemos, pero eles merecían iso e máis. Quen é verdadeiramente pobre (non falamos de recursos económicos) ese é quen verdadeiramente nos enriquece. Tiña razón quen nos dicía: **Faite amiga dos pequeniños**. Moi gratificante foi tamén, para nós, a relación cos nenos/as; daquela, entre tódalas parroquias, facíanse grupos por zonas, aínda había nenos. Isto permitiunos unha animada catequese e poder realizar campamentos de verán, actividade moi reconfortante; e convivencias ao longo do curso. Cos mozos e mozas que por aquí pasaron, igual para a preparación da confirmación, para animar o carnaval ou para realizar cursos de Actividades de Tempo Libre. O servizo que nós lles podemos prestar, tórnase en agradecemento. Eles dicían atoparse na casa, e debía ser verdade, pois para moitos, aínda seguen tendo a sé desta Fundación coma a súa casa. Despois de anos, aínda algúns non esqueceron que a **Festa de Convivencia cos Nossos Maiores**, é unha actividade que precisa mans que colaboren, e aquí aparecen.



Nós, despois do que deixamos dito e o moito que queda sen dicir, só podemos expresar gratitude. O noso carisma é o fraterno, vivir acariciando o pequeno que, para nós é meirande; aínda que non conte para os grandes e poderosos. Aquí atopamos que estes valores pertencen tamén ao nuclear deste Proxecto. Grande **gracia** foi, para nós que os nosos superiores tivesen contacto con esta **luciña**, que aquí acendeu o Proxecto da Fundación O Noso Lar.

Nós tamén sabemos da nosa fragilidade e que non sempre vivimos á altura do que é a esencia do carisma. Queremos que a xente saiba destes sentimentos, para que tamén nos poida desculpar.

Rematamos afirmando que **a gratuidade** é a meirande riqueza que nos foi habitando ao longo destes vinte e cinco anos. Somos felices de que a nosa vida se fose gastando aquí, e que siga gastándose aquí, aínda que xa o noso quefacer vaia decrecendo materialmente en importancia. Para nós, o importante agora é vivir, estar espertas. Sempre, pero agora, o sentido da nosa vida está, máis ca nunca, na vontade de Deus. Coas nosas mans, o noso corazón e a nosa casa aberta. Somos crentes e así o confesamos.

Josefa Gómez Requejo



Vacacións cos maiores en Navarra

Este ano, por primeira vez, visitamos a Comunidade Foral de Navarra, situada entre os Pireneos, Aragón, La Rioja e o País Vasco. Esta terra ademais dun importante patrimonio cultural e paisaxístico, posúe un dos niveis de vida máis altos da nosa xeografía.

De camiño cara a Navarra paramos en Santo Domingo de la Calzada, unha localidade emblemática do Camiño Francés de Santiago na comunidade de La Rioja. Fomos ver a catedral, que na súa meirande parte é gótica e nela gárdase o sepulcro de Santo Domingo de la Calzada baixo un fermoso templete do s. XVI. Nunca pensamos nun galiñeiro dentro dunha igrexa e... o teñen aquí! É de factura gótica (s. XV) e alberga un galo e unha galiña vivos como recordo do famoso milagre da galiña: *milagro de Santo domingo de la Calzada, donde cantó la gallina después de asada*. Chama a atención que a alta torre barroca (s. XVIII) estea separada do edificio catedralicio.

Establecimos o noso cuartel xeral en Pamplona, cidade marcada polos Sanfermíns e o Camiño de Santiago. Visitamos a catedral de Santa María la Real, una xoia gótica de influencia francesa con fachada neoclásica (s. XVIII) obra de Ventura Rodríguez. No seu interior encóntrase o rexio mausoleo de Carlos III e a súa dona Leonor de Trastámara. Sen saír á rúa puidemos contemplar o marabilloso Museo Catedralicio Diocesano.

As andainas as fixemos polo seu atractivo centro histórico, deténdonos na Plaza Consistorial para contemplar a fachada do concello co balcón onde se lanza o *chupinazo* cada 6 de xullo inaugurando o Sanfermín. Desde Pamplona desprazámonos a Roncesvalles, pequeno pobo cargado de historia e de gran interese reixioso por ser o inicio en España do Camiño Francés de Santiago.

Outra parada obrigada foi Olite, aquí visitamos o Palacio Real, un dos conxuntos histórico-artísticos máis importantes de Navarra. De carácter cortesano-militar, foi erixido no s. XIII-XIV en estilo gótico francés. No s. XV

o pazo do Castelo era considerado á altura das cortes europeas máis luxosas.

A nosa andaina por estas terras navarras levounos ó Castillo de Javier, unha fortaleza do século X. Aquí no ano 1505 nace San Francisco Javier, patrono de Navarra e das misións católicas.

Neste percorrido, pasando por Sangüesa, chegamos ó Monasterio de San Salvador de Leyre, no municipio de Yesa. Un impresionante monumento que desde o ano 1954 está habitado por unha comunidade de beneditinos. A parte máis importante deste enorme conxunto é a igrexa, que aínda mantén partes do románico primitivo (s. XI-XII): as ábsidas e o pórtico (*porta speciosa*) onde posteriormente se superpuxo unha bóveda gótica. Nunha capela tamén gótica (s. XIV), está o Panteón Real, que garda os restos dos reis e raíñas de Navarra.

Antes de deixar Navarra quixemos contemplar outras dúas importantes e fermosas localidades no Camiño de Santiago: Estella e Puente la Reina coa súa famosa ponte romana.

Pasamos despois a Vitoria. Como era mester, paseamos polo seu casco histórico apreciando os seus fermosos recunchos e impresionantes prazas. Visitamos a catedral gótica de Santa María de Vitoria ou catedral vella (a nova é do s. XX) cubertas as nosas cabezas con cascos para resgardarnos do perigo polas obras de mantemento que estaban realizando. A súa construción comezou no século XIII e culminouse no XIV.

De regreso cara á nosa terra fixemos unha parada en Oña. Unha vila de Burgos que foi moi importante durante a Idade Media, como o reflicte o seu amplo conxunto monumental.

A última etapa das nosas vacacións foi Burgos, unha cidade onde o seu extraordinario casco antigo é unha boa mostra de arquitectura medieval. Despois de atra-



Pamplona



Castillo de Javier

vesar o Arco de Santa María, un dos monumentos máis emblemáticos da cidade e unha das doce portas de acceso á cidade, chegamos á Plaza del Rey San Fernando, onde se ergue a maxestuosa catedral de Santa María, o monumento máis importante da localidade e un dos maiores expoñentes do estilo gótico francés. Comezouse a construír no ano 1221 seguindo patróns do gótico francés e tivo importantes modificacións nos s. XV e XVI: As agullas da fachada principal, a *Capilla del Condestable* e o cimborrio do cruceiro, elementos do gótico flamíxero, dotan ao templo dun perfil inconfundible. No interior hai mestura de estilos artísticos. Importante a tumba do Cid Campeador e súa esposa Dona Jimena, ademais dos numerosos sepulcros esculpidos por grandes mestres.

Non podemos esquecer o importante retábulo gótico hispano-flamenco de Gil de Siloé e tamén cabe mencionar o famoso *Papamoscas*, a estatua articulada situada na fachada da catedral que dá as horas.

E seguimos aproveitando o tempo entrando a ver o Museo de la Evolución Humana.

E así, unha vez máis, cumprimos o programado e conseguimos pasar uns días de lecer maravillosos.



Monasterio de Leyre



Castillo de Olite



Catedral de Vitoria



Oña



Catedral de Burgos

Encontros de convivencia cos maiores



Lousada - Febreiro



Lousada - Febreiro



Priorato - Outubro



Priorato - Outubro



Priorato - Outubro



Priorato - Outubro



Lousada - Novembro



Nadal no Priorato

Ación de grazas na eucaristía da Festa dos Maiores

Loado sexas meu Señor en todas as túas criaturas, especialmente no irmán sol, por quen nos das o día e nos iluminas.

Loado sexas meu Señor, pola irmá lúa e as estrelas, que se ven no ceo á noite, luminosas e fermosas; pola humilde irmá auga, pola nosa irmá a terra, que nos sustenta e produce froitos e coridas frores e herba...

Cántico das criaturas de S. Francisco (fragmento)

Dámosche grazas, Señor, pola robusta árbore que plantou S. Francisco e deu a frondosa póla das Relixiosas Franciscanas Misioneras da Nai do Divino Pastor, a congregación das nosas queridas irmás franciscanas que viven connosco na Fundación O Noso Lar e forman parte da nosa familia.

Agradecemosche, Señor, a potente semente que nos mandaches fai vinte e cinco anos en forma de irmás franciscanas, porque xermolou xenerosamente nesta fértil terra e nunca deixou de dar abundantes e sabrosos froitos.

Ti sabes mellor que ninguén, que temos o privilexo de disfrutar dunha comunidade de relixiosas que é acolledora, sinxela, sempre disposta a satisfacer as necesidades dos demais e a participar en todos os acontecementos da nosa contorna, de forma gratuíta e agarimosa.

Grazas, Señor, por poder reunirnos un ano máis nesta festa que con tanta ilusión e alegría adicamos aos nosos maiores. Son eles os verdadeiros motores que nos traen a esta fermosa carballeira.

Non cansamos de agradecerlles o camiño, moitas veces tortuoso, que tiveron que percorrer para chegar ata aquí. As súas ensinanzas e o seu exemplo, deben ser un referente que xamais debemos esquecer.

Por todo isto, ***loado sexas, meu Señor!!!***



HERMANO LOBO

Por qué te volviste lobo?
Tal vez no te amé bastante.
Por qué te volviste lobo?
Tal vez no te supe amar.

POR QUÉ CON RENCOR ME ACECHAS
Y QUIERES MORDER MI MANO?
TAL VEZ NO FUI TU HERMANO
Y NUNCA TE ABRÍ MI HOGAR.

Por qué tú nos odias tanto?
Tal vez yo te odié primero.
Por qué nos acosas, fiera?
Tal vez te enseñé a acosar.

Por qué viven en tinieblas?
Tal vez te negué mi lumbré,
y toda tu pesadumbre
nació de mi crueldad.

Hoy vengo a llamarte hermano
y darte la Paz y el Bien.
Hoy vengo a llamarte hermano
y juntos volver a amar.

LOS HOMBRES, A VECES SOMOS
MÁS FIEROS QUE EL LOBO FIERO.
HOY DARTE MI MANO QUIERO
Y ABRIRTE POR FIN MI HOGAR.